XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 9 de febreiro de 2024, polo que se resolve a remisión da denuncia presentada polo representante do PSdeG-PSOE ante a Xunta Electoral de Zona da Coruña contra o Partido Popular por incumprimento do artigo 93 da LOREX (doc. RE 453/2024).

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

ANTECEDENTES

1. O 8 de febreiro de 2024, a Xunta Electoral de Zona da Coruña remitiu a esta xunta electoral escrito de denuncia formulado polo PSdG-PSOE por un presunto incumprimento efectuado polo Partido Popular do disposto no artigo 93 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (LOREX) (doc. RE 453/2024) ao abeiro da Instrución da Xunta Electoral de Galicia do 15 de xaneiro de 2024.

   No seu escrito de denuncia, o PSdG-PSOE solicita da Xunta Electoral de Zona a emisión de pronunciamento no senso de "*ordenar a retirada colocados na entrada do colexio electoral sito no CEIP Sagrada Familia da cidade da Coruña*".

2. O 9 de febreiro de 2024, reunida a Xunta Electoral de Galicia, tomou coñecemento do contido do devandito traslado.

FUNDAMENTO XURÍDICO

Examinado o escrito da Xunta Electoral de Zona da Coruña remitido, o artigo 56.2 e o artigo 57.3 da LOREX, así como os acordos da *Junta Electoral Central* de 24 de maio de 1999; 19 de maio de 2011 e 10 de novembro de 2011, estímase que "*las funciones previstas en los artículos 56.2 y 57.3 de la LOREG son propias y exclusivas de las Juntas Electorales de Zona e indelegables*".

En consecuencia,

ACORDA

A devolución das actuacións á Xunta Electoral de Zona da Coruña, órgano administrativo competente para a resolución da denuncia formulada.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 10:00 horas do próximo día 13 de febreiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal